

NÚMERO 12/16

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 27 DE OUTUBRO DE 2016.-

Na Casa do Concello de Sada, ás vinte horas do día vinte e sete de outubro de dous mil dezaseis, reúnese o Pleno do Concello en sesión ordinaria que se celebra en primeira convocatoria, baixo a presidencia do señor Alcalde D. Óscar Benito Portela Fernández, estando presentes os señores concelleiros D. Ernesto Anido Varela, D^a. Raquel Bolaño Fariñas, D^a. Nuria Castro García, D^a. María José García Freire, D. José Emilio Gómez López, D. Marcos López Mallo, D. Francisco José Montouto Pérez, D^a. María Pardo Fafián, D^a. Isabel Reimundez Suárez, D. Ramón Rodríguez Ares, D^a. Ariadna Rodríguez Teijeiro, D^a. María Soraya Salorio Porral, D. Xosé Lois Suárez Becerra, D. José Luís Tellado Villares e D. Miguel Tenreiro Bouza, asistidos polo Secretario da Corporación, D. Emilio Seijo Frías. Está presente o sr. Interventor, D. Jaime Presas Beneyto. Non asiste, escusando a súa ausencia, a concelleira D^a. Zeltia Natividade García Ben.-

Aberta a sesión pola Presidencia, procédese ao exame dos asuntos da Orde do Día, adoptándose os seguintes acordos:

1º.- Aprobación da acta anterior.-

Sen observacións sobre a acta nº 11/2016 de 29 de setembro, apróbase a mesma por maioría, con nove votos a favor e sete en contra do grupo PP.-

2º.- Proposta da Alcaldía sobre modificación do réxime de dedicación do cargo da Concellería delegada de Administración Local, Obras e Servizos.-

Dada conta do ditame favorable da Comisión Xeral, ábrese debate.-

O sr. Montouto expón os cambios que se quere efectuar no organigrama do goberno municipal, consistentes en que a concellería de Obras e Administración local pase a ter un responsable con dedicación exclusiva, diminuindo a dedicación do secretario particular do alcalde e consecuentemente o custe do seu soldo, polo que o cambio non supón un incremento do gasto global do goberno municipal, que é o máis baixo desde o ano 2003, como se demostra coas cifras que expón. O cambio vai dirixido a prestar un mellor servizo, xa que esta concellería ten un gran impacto na cidadanía e ademais da diaria atención aos veciños é necesario un seguimento e control do gran número de contratacións de obras que se están levando a cabo, que se debe facer a través de un concelleiro con dedicación exclusiva.-

O sr. Gómez di saber ben o importante que é a concellaría de obras e servizos e a dedicación que esixe, que debería ser total se se quere atender ás demandas dos veciños como cómpre. Pero parece unha ocorrencia querer quitar esta dedicación exclusiva do soldo ao secretario do alcalde, que esixe tanta ou máis dedicación que a dun concelleiro. Cre que o sr. Alcalde non meditou suficientemente estes cambios; a piques de elaborar os orzamentos nos que ben podería deixar arraxada a dedicación exclusiva do seu concelleiro e sen prexudicar a do seu secretario particular non facía falta tomar agora unha decisión apresurada respecto diso.-

A sra. Rodríguez di que o seu grupo considera estes cambios unha mostra de improvisación e de certa falta de proxecto. Non saben cal é o seu motivo e se obedecen a un erro de planificación inicial, gustaríalles que lles aclarasen isto. Nestes meses houbo ata 3 dimisións e catro cambios de dedicación no goberno municipal, aínda que seguen mantendo 9 soldos, un do alcalde, 7 de goberno e un de secretario, pero levamos meses asistindo a Plenos baleiros de contido, cheos de correccións e modificacións e mostran con estes cambios unha actividade de goberno afastada da que se esperaría dun goberno con maioría absoluta. Espera que estes cambios redunden nunha mellora da acción de goberno que se poida apreciar de aquí en diante porque queren ver a Sada avanzar. O seu voto vai ser a abstención.-

Sometido o asunto a votación, acórdase por maioría, con nove votos a favor e sete abstencións:

1º.- Modificar a relación de cargos con dedicación exclusiva e con dedicación parcial, aprobada por acordo plenario de 4-7-2015, establecendo o exercicio con dedicación exclusiva do cargo da Concellería delegada de Administración Local, Obras e Servizos, sen variación das restantes determinacións do réxime retributivo establecido en dito acordo.-

2º.- A presente modificación do réxime de dedicación do cargo antedito será de aplicación desde a data da súa aceptación expresa por parte dos seus titulares, o que se comunicará ao Pleno na seguinte sesión ordinaria.-

3º.- Publicar este acordo no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do Concello.-

3º.- Proposta da Alcaldía sobre cambio da xornada semanal do posto de secretario particular da Alcaldía.-

Sometido o asunto a votación, acórdase por maioría, con nove votos a favor e sete abstencións:

Modificar a xornada do posto de secretario particular do Alcalde, código 030002 da Relación de Postos de Traballo, correspondente a persoal eventual, fixando para o mesmo o réxime de media xornada cunha dedicación mínima de catro horas diarias de luns a venres, nos horarios que fixe a Alcaldía, e coa retribución de 12.500,00.- euros anuais, que se fará efectiva en catorce pagas, doce mensuais e as dúas restantes correspondentes aos meses de xuño e decembro.-

4º.- Proposta da Alcaldía sobre modificación da Ordenanza fiscal núm. 3, reguladora do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica.-

Dada conta do ditame favorable da Comisión informativa Xeral respecto desta proposta, o sr. Alcalde intervéñ dicindo que a mesma tal vez non vai ter unha relevancia significativa inmediata pero é un plantexamento de futuro para fomentar a circulación por Sada de vehículos menos contaminantes e que a xente que aposte pola conservación do medio ambiente vexa premiada esa aposta. Intentará que non sexa unha medida illada e que haxa outro tipo de accións para facilitar a utilización de vehículos menos contaminantes, como sería a instalación de puntos de recarga e facilidades para entrar en zonas restrinxidas de circulación.-

O sr. Anido di que cando el chegou á alcaldía viuse obrigado, dada a situación económica do Concello, a subir impostos como o IBI, medida que logo o goberno de España avalou ao establecer un mínimo do 0,6% de tipo do IBI, ante a situación gravísima que estaba a atravesar o noso país. Esa subida de impostos foi unha necesidade pero agora non se xustifica unha subida do imposto de circulación de determinados vehículos dun 26%. Proponse unha bonificación do 50% de certos vehículos que nada ten que ver coa subida aos coches de máis de 20 cabalos de potencia fiscal. O sr. Alcalde propón aquí bonificar o xa bonificado porque xa estes vehículos están bonificados no imposto de matriculación dependendo da súa emisión de gases. É unha medida de futuro que pode chegar a minguar a recadación deste imposto, porque vai haber unha directiva en Europa que vai obrigar aos fabricantes a reducir as emisións de todo automóbil fabricado a partir do 2020. O importante deste punto é que para compensar os 1.200 euros que se vai bonificar aos sadenses faise o que a proposta chama unha pequena suba das cotas dos suxeitos pasivos con máis capacidade económica; nada ten que ver a emisión de CO2 cos cabalos fiscais, estes vehículos xa pagan máis que outros e o sr. Alcalde propón que pasen a pagar 195,20 euros, cousa que lle parece unha esaxeración inxustificada. Ese tipo de vehículos de máis de 20 cabalos fiscais normalmente son coches de empresas ou de xentes que teñen outros coches ao seu cargo e que pagan tamén impostos, pensan que son coches de representación e son coches utilizados por todo o mundo. Pide que se retire esta subida inxustificada e o seu grupo aprobará a bonificación, noutro caso votarán en contra.-

O sr. Interventor aclara que a proposta plantexa aplicar un coeficiente de incremento de 1,60 sobre o que prevé o mínimo da lei de Facendas locais, que son 112 euros para este tipo de vehículos. O resultado de aplicar ese 1,60 que é o que se recolle na proposta serían 179,20 euros e non os 195,20 que por erro aparecen no cadro de tarifas.-

O sr. Alcalde di que é un incremento de 16 euros o que prevé a proposta porque o único que se intenta é non perder nada e compensar os 1.260 que se perdan pola recadación de vehículos non contaminantes, non hai ningún tipo de persecución. Esa subida de 1.260 euros está en contraposición á baixada de 350.000 na recadación do IBI porque así o decidimos o ano pasado; cando se considere necesario incrementar o poder recadatorio teremos que subir os impostos ou mirar outras medidas como se está facendo; para compensar a perda que se pode producir coa bonificación a vehículos pouco contaminantes sube o imposto dunha forma non substancial aos vehículos de máis valor, dentro dos cales pode haber algún incluso que teña bonificación por ser un vehículo pouco contaminante.-

O sr. Anido repite que nada ten que ver a potencia fiscal coa contaminación e hai xente que fixo un esforzo importante para cambiar o coche e ter un coche moderno con 20 cabalos fiscais ou máis e que contamina menos que os coches utilitarios, polo que esta é unha medida inxusta; tendo en conta o erro sinalado, se se fan os cálculos son 2.080 euros o que se vai a recadar máis e vaise a recadar menos 1.260 euros, é dicir, segue subindo a presión fiscal aos sadenses. Van votar en contra, pero votarán a favor se se retira esa subida desproporcionada.-

O sr. Alcalde di que no momento de que chegue o recibo á casa, a xente valorará se soben ou baixan e quen subiu os impostos e quen os baixa e está buscando outras vías de financiamento. Sendo esta unha medida modesta porque non fai unha variación substancial dos ingresos no imposto de vehículos, pode ter no futuro maior repercusión. O sr. Anido os acusa por un lado de subir os impostos e por outro di que con esa directiva europea que entra en vigor no ano 2020, podería haber unha diminución da

recadación, pídelle que manteña a coherencia polo menos nun mesmo pleno xa non lle di dun Pleno para outro.-

O sr. Anido lembra que dixo que no 2020 esa directiva da prohibición de emisións pode ser un perigo para a recadación da Administración local, subir un imposto ou baixalo non é algo caprichoso, hai que ter unha xustificación. Cando el chegou á alcaldía a situación económica do Concello era nefasta e o alcalde actual atopouse un concello saneado, sen débeda e sen facturas no caixón e por iso tivo a capacidade de baixar o tipo de IBI que se subiu xustificadamente e por necesidade; esta subida para unha determinada parte da cidadanía de Sada parécelle un capricho inxustificable, está a baixarse 1260 e subindo 2080, polo menos que se iguale.-

Sometido o asunto a votación, acórdase por maioría, con nove votos a favor e sete en contra:

1º.- De conformidade co disposto nos artigos 15.2, 16, 17 e 95.6 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2.004, de 5 de marzo, apróbase con carácter provisional a modificación da Ordenanza Fiscal número 3, Reguladora do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica, aprobada pola Corporación en sesión de 24 de febreiro de 2011, dando nova redacción ao seu artigo 1, introducindo un novo apartado 5 no artigo 3 e modificando a súa Disposición Final nos termos do texto que a continuación se transcribe, que producirá efecto a partir do día 1 de xaneiro de 2017:

“Artigo 1º.-

1. De conformidade co previsto no artigo 95.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2.004, de 5 de marzo, establécense os seguintes coeficientes a aplicar sobre o cadro de tarifas ao que se refire o artigo 95.1 da dita norma:

- Turismos de 20 cabalos fiscais en adiante: 1,6.-
- Resto de tramos e clases de vehículos: 1,375.-

2. Cadro de tarifas.- O imposto rexerá de acordo co seguinte cadro de tarifas:

A) Turismos	
De menos de 8 cabalos fiscais	17, 35
De 8 ata 11,99 cabalos fiscais	46, 86
De 12 ata 15,99 cabalos fiscais	98, 92
De 16 ata 19,99 cabalos fiscais	123, 21
De 20 cabalos fiscais en diante	179,20
B) Autobuses	
De menos de 21 prazas	114, 54
De 21 a 50 prazas	163, 13
De mais de 50 prazas	203, 91
C) Camións	
De menos de 1.000 Kg de carga útil	58, 14
De 1.000 a 2.999 Kg de carga útil	114, 54
De mais de 2.999 a 9.999 Kg de carga útil	163, 13
De mais de 9.999 Kg de carga útil	203, 91
D) Tractores	
De menos de 16 cabalos fiscais	24, 30
De 16 a 25 cabalos fiscais	38, 18
De mais de 25 cabalos fiscais	114, 54
E) Remolques e semirremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica	
De menos de 1.000 Kg e mais de 750 Kg de carga útil	24, 30
De 1.000 a 2.999 Kg de carga útil	38, 18
De mais de 2.999 Kg de carga útil	114, 54
F) Outros Vehículos	
Ciclomotores	6, 08
Motocicletas ata 125 c.c.	6, 08
Motocicletas de mais de 125 ata 250 c.c.	10, 41
Motocicletas de mais de 250 ata 500 c.c.	20, 83
Motocicletas de mais de 500 ata 1.000 c.c.	41, 65
Motocicletas de mais de 1.000 c.c.	83, 30

“Artigo 3º.-

5.- Os vehículos das clases turismos, autobuses e camiións, gozarán nos termos que se dispoñen nos seguintes apartados dunha bonificación na cota do imposto, en función das características dos motores, a clase de combustible que consuma o vehículo e a incidencia da combustión no medio ambiente, sempre que cumpran algunha das condicións e requisitos seguintes:

– Que se trate de vehículos híbridos (motor eléctrico-gasolina, eléctrico-diésel ou eléctrico gas) que estean homologados de fábrica, incorporando dispositivos catalizadores, adecuados á súa clase e modelo, que minimicen as emisións contaminantes. Este vehículos gozarán dunha bonificación do 50 % na cota do imposto durante os seis anos naturais dende a primeira matriculación.-

– Que se trate de vehículos de motor eléctrico e/ou de emisións nulas. Estes vehículos gozarán dunha bonificación do 50 % do imposto durante os seis anos naturais dende a primeira matriculación, en tanto manteñan as circunstancias de motor e emisións sinaladas.-

– Que se trate de vehículos novos sen matricular clasificados como turismos de motor gasolina ou diésel con emisións de CO₂ que non superen os 100 gr/Km. Estes vehículos gozarán dunha bonificación do 50 % na cota do imposto durante os seis anos naturais dende a primeira matriculación.-

– Que se trate de vehículos para os que os seus titulares acrediten a súa dedicación a unha actividade económica, e que utilicen como combustible biogás, gas natural comprimido, metano, metanol, hidróxeno e GLP ou mixtos GLP-gasolina en motores de ciclo OTTO, tanto implantados en fábrica como posteriormente, sempre certificando a súa implantación por organismos ou empresas homologadas para o devandito fin. Estes vehículos gozarán dunha bonificación do 50 % na cota do imposto durante os seis anos naturais dende a primeira matriculación, en tanto utilicen os combustibles citados.-

Para poder gozar das bonificacións ás que se refire este apartado 5, os interesados deberán instar a súa concesión presentando a ficha técnica do vehículo e a documentación acreditativa dos requisitos. En todos os supostos, se se desexa que a bonificación produza efectos no mesmo período impositivo en que se produce a matriculación, a solicitude deberá presentarse no momento de efectuar a dita matriculación. En caso de que a solicitude se presente con posterioridade, a bonificación producirá efectos para o período impositivo seguinte á data de presentación da dita solicitude, e non alcanzará as cotas xeradas con anterioridade a esta. As bonificacións reguladas neste artigo non son aplicables simultaneamente. No caso de que o suxeito pasivo teña dereito a dúas ou mais, desfrutará da mais alta”.-

“Disposición final.-

Esta Ordenanza fiscal, que foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 27 de outubro de 2016, entrará en vigor, tras a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, o día un de xaneiro de 2017 e será de aplicación a partir desta data, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa”.-

2º.- Este acordo será exposto ao público no Taboleiro de Edictos do Concello, na sede electrónica municipal, no Boletín Oficial da Provincia e nun dos diarios de maior difusión da provincia, durante o prazo de 30 días hábiles a contar desde a data de publicación do último destes anuncios, a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas, quedando elevado a definitivo no caso de que non se presentaran reclamacións dentro do prazo sinalado.-

5º.-Proposta da Alcaldía sobre modificación da Ordenanza fiscal núm. 8, reguladora da taxa por outorgamento de licenzas urbanísticas.-

O sr. Montouto expón que os mesmos argumentos para a defensa desta modificación da ordenanza nº. 8 van ser os do punto seguinte, modificación da Ordenanza fiscal nº. 9, e pasa a expoñer os motivos da modificación dicindo que a Directiva da UE 2006/123 sobre servizos no mercado interior, deu lugar á adopción de novos procedementos na intervención e control en obras e actividades, os procedementos de comunicacións previas e das declaracións responsables. No ano 2012 o Pleno aprobou a ordenanza reguladora do exercicio de actividades de servizo e de realización de obras menores do concello, anticipándose ao que posteriormente se recollía na lei de emprendemento de Galicia de 2013, mais daquela non se adaptou a liquidación da taxa polas comunicacións previas, coa conseguinte perda económica para o concello. Agora tráese esta modificación porque aquel acordo era incompleto, o que se pretende é que se aplique debidamente a liquidación de taxas que corresponden por outorgamento de licenzas urbanísticas e apertura de establecementos, e as mesmas razóns anteriores son válidas para a modificación da Ordenanza fiscal 9 sobre o outorgamento de licenzas de apertura de locais comerciais.-

A sra. Castro di que o asunto está incompleto tamén neste momento, porque primeiro deberían de facer no art. 1 fundamento e natureza, referencia a toda a lexislación que mencionou o sr. Montouto para darlle unha maior seguridade xurídica á ordenanza. E no art. 2 referente ao feito impoñible, tamén están os deberes sen facer porque fai referencia ao art. 194 da lei 9/2002 que xa está derogada, debería facerse

referencia á que está actualmente vixente que é a 2/2016. Así mesmo, considera que no art. 6 referente ás taxas, habería que excluír as obras do punto 2 do art. 2. Á espera de que se recollan todas estas achegas, o seu grupo manterá a abstención neste punto.-

Efectuada a votación, apróbase por maioría, con nove votos a favor e sete abstencións, o seguinte acordo:

1º.- De conformidade co disposto nos artigos 16 e 17 do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, apróbase con carácter provisional a modificación da vixente Ordenanza Fiscal número 8, Reguladora da Taxa por outorgamento de licenzas urbanísticas, aprobada pola Corporación en sesión de 30 de agosto de 2012, dando nova denominación a dita norma, que pasa a denominarse “Ordenanza Fiscal número 8, Reguladora da Taxa por outorgamento de licenzas urbanísticas e realización de actividades administrativas de control”, e dando nova redacción ao seu artigo 6, apartado 1, parágrafo 1º, e á súa Disposición derradeira nos termos do texto que a continuación se transcribe, que producirá efecto a partir da súa publicación:

“Artigo 6º.-

1. A contía da taxa, para as comunicacións previas, licenzas de edificación, demolición e primeira ocupación será o resultado de aplicar ao orzamento de execución material ou, no seu caso, orzamento-memoria detallado, a tarifa sinalada:”

“Disposición final.-

A presente Ordenanza fiscal, que foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 27 de outubro de dous mil dezaseis, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir de dita data, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas”.-

2º.- Este acordo será exposto ao público no Taboleiro de Edictos do Concello, na sede electrónica municipal, no Boletín Oficial da Provincia e nun dos diarios de maior difusión da provincia, durante o prazo de 30 días hábiles a contar desde a data de publicación do último destes anuncios, a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas, quedando elevado a definitivo no caso de que non se presentaran reclamacións dentro do prazo sinalado.-

6º.-Proposta da Alcaldía sobre modificación da Ordenanza fiscal núm. 9, reguladora da taxa por outorgamento de licenzas de apertura de establecementos.-

A sra. Castro di que o texto non se modifica para nada con respecto á modificación do 30-8-2012, na que o sr. Suárez Becerra fixo un voto particular referente a que non era suficiente esa ordenanza, a nº. 9 por non contemplar suficientes bonificacións para fomentar a apertura de establecementos no concello, polo que lles estraña que agora non se pronuncie ao respecto. Neste punto votarán a favor.-

O sr. Gómez di que todas as obras teñen que ter licenza municipal, non hai seguro que cubra se non hai licenza municipal.-

O sr. Montouto di que o que se está tratando é de aplicar a taxa, de cobrar aos veciños que presentan as comunicacións previas tanto por obras como por licenzas de apertura de establecementos, nin se está falando de bonificacións nin de outro tipo de cuestións, simplemente que se está deixando de recadar por parte do concello dende o ano 2012 esas pequenas cantidades que non se están cobrando.-

A sra. Castro menciona de novo que no ano 2012 o sr. Suárez fixo un voto particular con respecto á modificación dest ordenanza e que o texto da ordenanza aprobado en 2012 é igual ao texto desta, o único que se modifica é a introdución do término comunicación previa, e que lles estrañaba que neste intre non se pronunciara ao respecto o sr. Suárez.-

O sr. Suárez di que fixera ese voto particular o mesmo día que tomara posesión do seu cargo e que nada hai de malo en evolucionar.-

Efectuada a votación acórdase por unanimidade:

1º.- De conformidade co disposto nos artigos 16 e 17 do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, apróbase con carácter provisional a modificación da vixente Ordenanza Fiscal número 9, Reguladora da Taxa por outorgamento de licenzas de apertura de establecementos, aprobada pola Corporación en sesión de 30 de agosto de 2012, dando nova denominación a dita norma, que pasa a denominarse “Ordenanza Fiscal número 9, Reguladora da Taxa por outorgamento de licenzas de apertura de establecementos e realización de actividades administrativas de control”, e dando nova redacción ao seu artigo 6, apartado 1, e á súa Disposición derradeira nos termos do texto que a continuación se transcribe, que producirá efecto a partir da súa publicación:

“Artigo 6º.-

1. A cota tributaria será determinada de acordo coas seguintes normas:

- Comunicacions previas ou licenzas para actividades molestas ou outras de tramitación especial: será a suma de dúas cantidades: unha fixa, de 360,61 euros e outra variable, equivalente ao 50 % do IAE, excluíranse as recargas.
- Comunicacions previas de tramitación ordinaria. Será a suma de dúas cantidades: unha fixa de 120,20 euros e outra variable, equivalente ao 50 % da cota do IAE, exclúense as recargas.
- Tramitación de expedientes de autorización para instalar depósitos de GLP: 450,76 euros.”

“Disposición final.-

A presente Ordenanza fiscal, que foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 27 de outubro de dous mil dezaseis, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir de dita data, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas”.-

2º.- Este acordo será exposto ao público no Taboleiro de Edictos do Concello, na sede electrónica municipal, no Boletín Oficial da Provincia e nun dos diarios de maior difusión da provincia, durante o prazo de 30 días hábiles a contar desde a data de publicación do último destes anuncios, a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas, quedando elevado a definitivo no caso de que non se presentaran reclamacións dentro do prazo sinalado.-

7º.-Modificación da Ordenanza reguladora da venda ambulante.-

O sr. Suárez fai a exposición da proposta falando das orixes do Feirón de Sada e da normativa reguladora que se puxo en funcionamento sendo concelleiro de BNG Luis Barreiro, que 9 anos despois é oportuno actualizar porque hai unha serie de deficiencias que pon de manifesto a evolución do feirón e que se reflicte en informes da PL, en informes do SEM, e incluso en informes da brigada fiscal da Guarda Civil. Fai alusión aos problemas organizativos na montaxe e desmontaxe, ás previsións a curto prazo de ampliar a superficie da actividade do feirón e tamén da especial preocupación porque a harmonía existente entre comerciantes e feirantes se manteña e mellore, para o que hai que ser máis firmes en canto á distribución física do feirón, que se respecten as ubicacións e as distancias aos edificios. Outra serie de modificacións que se van facer ten que ver con axudar na medida do posible desde a corporación para que se cumpra a lei e para salvagardar os intereses e dereitos dos comerciantes de Sada. En todas as feiras hai mercancía que non respecta a propiedade industrial, e aquí entra a colaboración da brigada fiscal da Guardia Civil e a que se lle pediu consello e informe; hai a intención por parte deste goberno de contribuír a loitar contra esta situación. Por estas e outras modificacións substanciais que contén a proposta, solicita o voto favorable de todos os grupos que forman a corporación.-

O sr. Anido manifesta todo o apoio do seu grupo á loita contra a falsificación e a competencia desleal, aínda que dubida de que desde aquí se poida evitar. Di que no seu período de alcalde empezouse a intentar modernizar o Feirón e se redactou un Plan de Emerxencias que non había. Tamén ten o apoio do seu grupo porque eles iniciaron a posta ao día nos cobros dos postos, e na última parte do seu mandato enviáronse varios requirimentos aos debedores, anima a que sigan traballando nesa dirección; fala de que se redactara un prego de condicións para adxudicar os postos, e mesmo había un informe técnico non asinado, favorable a un procedemento público de adxudicación; o feirón de Sada é un motor económico coñecido en toda a comarca. Cre que a modificación debería ser máis ambiciosa, hai rúas como a rúa Ponte que deberían figurar no cuadrante do feirón aínda que non haxa postos nela porque segundo o Plan de Emerxencias é un punto vital para o acceso e evacuación. Falta tamén que se especifique as obrigas dos postos en canto a xeradores de gasolina, cableados, instalacións, condicións de ornato; e que a ordenanza concrete o procedemento transparente e público da concesión de postos; tamén se debería tratar a seguridade do fluxo de peóns ao cruzar rúas importantes. Traen aquí modificacións moi pouco concretas e deberían traer outras como o tema da adxudicación dos postos. Por tanto o seu voto será en contra.-

O sr. Suárez agradece as aportacións pero puntualiza que este é un paso máis, haberá máis pasos e máis ambiciosos. Dos 15 meses que levan gobernando, os servizos municipais dedicaron moi tempo a reparar os 27.600 euros que deixou sen cobrar do feirón o goberno anterior, parécenlle moi ben as propostas do sr. Anido, pero é que de 140 postos aproximadamente que hai no feirón de Sada máis de 85 postos a 1-8-2015 tiñan tres anos e medio de atraso nos pagos, isto é responsabilidade do goberno anterior que deixou de cobrar os recibos de forma sistemática dende febreiro de tres anos antes de rematar o mandato, terán que xustificar porque, está a disposición de todos os veciños esta

documentación; din que a normativa é pouco ambiciosa, pero parece que ao goberno anterior o feirón non lle interesaba, polo tanto parécenlle moi ben as achegas que fan pero hai que ser consecuentes coas cousas que se fan.-

O sr. Anido di que en xaneiro de 2014 cando o sr. Campos tomou posesión da concellaría de Promoción económica, e non antes aínda que a Intervención advertira ao concelleiro do grupo de PDSP, fixéronse dous requirimentos a todos os postos que non estaban ao corrente dos pagos e advertiuse de baixa automática do feirón en caso de impago, e a continuación houbo cambio de Corporación. Por tanto moito traballo do que están a facer cobrando agora foi iniciado no ano 2014, como tamén nese ano por primeira vez xestionouse ben o cobro das barracas das festas que nunca antes se había cobrando antes do comezo das festas. Empezouse a facer correctamente a xestión do feirón en 2014, cando a competencia antes delegada nun concelleiro do PDSP se delegou no sr. Campos.-

O sr. Suárez di que sendo mentira parte das cousas que acaba de dicir o sr. Anido, este era alcalde antes de xaneiro de 2014 e polo tanto responsable das delegacións que facía, pero quere saber que pasou desde xaneiro de 2014 ata mediados de 2015 en que deixou de ser alcalde o sr. Anido; nese tempo os feirantes que non pagaran seguiron sen pagar porque non se lles cobrou. Din que mandaron requirimentos e que tomaron medidas pero non hai nin un só expediente aberto no concello a ningún feirante de Sada, os datos están aí. Este goberno herdou un desastre dende o punto de vista económico e grazas ao traballo dos servizos municipais a día de hoxe está actualizado, pódese comprobar no concello a documentación de todos os requirimentos e demais medidas realizadas. Di que o goberno do sr. Anido autorizou postos de maiores dimensións que as establecidas na ordenanza e de aí veñen moitos problemas actuais do Feirón, non pode agora vir aquí a dar leccións de como se xestiona este.-

O sr. Anido di que eses expedientes sancionadores actuais dos que fala o sr. Suárez puideron iniciarse grazas a que houbo antes dous requirimentos; repite que no seu mandato se fixo un Plan de seguridade, redactouse un prego de condicións, hai un informe técnico, fixéronse moitas cousas, iniciouse o proceso de modernización do Feirón.-

O sr. Gómez di que no mandato do sr. Anido tiña responsabilidade o seu compañeiro do PDSP Michel no tema do feirón, pero os requirimentos tenos que firmar o alcalde, el non sabía que o sr. Anido non os firmaba, pero agora vains pedir todos e van ir ao fiscal e ao xulgado.-

Sometido o asunto a votación, acórdase por maioría, con nove votos a favor e sete en contra:

1º.- Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza municipal reguladora da venda ambulante cuxo texto foi aprobado en sesión plenaria de 25-4-2011, dando nova redacción aos seus artigos 3 número 2, 4 números 2, 3 e 4, 13 número 2 letra h), 15 parágrafo 2º, 17 número 1 e Disposición final, nos seguintes termos:

“Artigo 3.

2. Autorízase o exercicio da venda ambulante exclusivamente no mercado denominado Feirón a celebrar semanalmente os sábados de 17:00 horas a 20:00 horas na localidade de Sada. O ámbito territorial onde se desenvolve este mercado semanal comprende as rúas Linares Rivas, Praza de España, Oleiros, Pontedeume, Oza, Miño, Bergondo, Pintor Vaamonde, Avda. da Coruña, Praza da Igrexa Nova, Jose Monzo, Portales, Praza da Pescadería, Praciña do Conde, Cortaduría, Avda. da Mariña e 1ª Travesía da Obra, distribuíndose o ámbito territorial en catro cadrantes tal como sigue:

Cuadrante I: Comprende as rúas Praza de España, Linares Rivas, Oleiros e 1ª Travesía de La Obra.

Cuadrante II: Comprende as rúas Praza da Igrexa Nova, Oza dos Ríos, Pontedeume (Ata altura do nº 7)

Cuadrante III: Comprende as rúas: Pontedeume (dende o nº9), Bergondo, Miño, Avda. da Coruña, Pintor Vaamonde.

Cuadrante IV: Comprende as rúas Praciña do Conde, Jose Monzo, Portales, Praza da Pescadería, Avda. da Mariña.”.-

“Artigo 4.

2. As operacións de descarga e instalación dos postos haberán de efectuarse entre as 14,30 horas e as 17:00 horas. A fin de evitar, na medida do posible, molestias aos veciños e comercio local a instalación dos postos se fará de forma graduada, e por cadrantes:

Cuadrante I, de 14:30 a 15:00 h.

Cuadrante II, de 15:15 a 15:45 h.

Cuadrante III, de 16:00 a 16:30 h.

Cuadrante IV, de 16:30 a 17:00 h.

A desmontaxe e retirada dos postos efectuarase a partir das 20:00 horas e inverno e a partir das 21:00 horas en verán, no prazo máximo de unha hora, deixando o lugar en perfecto estado de limpeza.

3. O número de postos distribuídos nas rúas en que se celebra o Feirón é de 139 postos fixos, nalgunha das seguintes catro modalidades de posto:

Tipo A): 3x2 m

Tipo B): 5x2 m

Tipo C): 8x2 m

Tipo D): Tipo especial

4. As dimensións dos postos desmontables non excederán en ningún caso de 2 m de fondo e 8 metros de fronte, a excepción dos postos situados na rúa Oleiros, que debido ao ancho de vía non poderán exceder de 1,5 m de fondo.

Os comerciantes que opten pola modalidade de posto Tipo especial, deberán acreditar na súa solicitude a necesidade de optar a este tipo.

O Concello reservará determinada superficie de solo para a instalación de postos adxudicados temporalmente, atendendo a criterios de orixinalidade do produto ofertado, razón de tempada por cultivo, interese xeral ou necesidade pública”.-

“Artigo 13.

2. Son causas de revogación da autorización, previa audiencia do titular e resolución da Alcaldía, entre outras as seguintes:

a) Desaparición das circunstancias que motivaron o seu outorgamento ou a aparición doutras que, de existir, xustificarian a súa denegación.

b) Concorrenza de causas de utilidade pública ou interese xeral, tales como a execución de obras ou reestruturación dos emprazamentos nos que se sitúe o mercado, ou por incompatibilidade sobrevida da instalación con outros servizos e obras que se estean executando na zona.

c) Por supresión do propio mercado ou feira ou redución da súa capacidade.

d) O incumprimento das condicións fixadas na licenza que dean lugar á súa revogación, previa tramitación do expediente administrativo, con audiencia ao interesado.

e) A non utilización do posto durante 3 días de feirón consecutivos ou 8 alternos nun ano, sen causa xustificada.

f) A reiterada falta de limpeza do posto e do seu entorno, unha vez finalizado o mercado.

g) A ocupación do posto por persoa non autorizada conforme ao disposto nesta Ordenanza.

h) A falta de pago das taxas municipais correspondentes á autorización”.-

“Artigo 15.

A Policía Local e os Vixiantes do Feirón velarán polo mantemento da orde e polo cumprimento do disposto nesta ordenanza e na restante normativa aplicable”.-

“Artigo 17.

1. As infraccións leves poderán ser sancionadas con apercibimento ou multa de ata 300 euros.

As infraccións graves sancionaranse con multa de 301 a 900 euros e prohibición do exercicio da venda ambulante durante dúas xornadas.

As faltas moi graves sancionaranse con multas de 901 a 1.500 euros.

Como sanción accesoria poderá acordarse a revogación da autorización para exercer a venda ambulante para o caso de infraccións graves e moi graves”.-

“Disposición final.-

Esta ordenanza, que foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 27 de outubro de 2016, entrará en vigor unha vez publicado enteiramente o seu texto no Boletín Oficial da Provincia e transcorrido o prazo de quince días ao que se refiren os artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local”.-

2º.- Expoñer ao público dita ordenanza mediante anuncios no taboleiro de edictos e no Boletín Oficial da Provincia durante o prazo de trinta días, para presentación de reclamacións e suxestións polos interesados, que serán resoltas pola Corporación. De non producirse reclamacións no prazo sinalado, a ordenanza entenderase aprobada definitivamente.-

Control de Órganos de Goberno:

8º.- Informes e comunicacións.-

- Dáse conta ao Pleno das Resolucións ditadas pola Alcaldía no período de 26-9-2016 a 21-10-2016.-

9º.- Mocións.-

Ao abeiro do artigo 64 do Regulamento Orgánico o sr. Suárez presenta a moción do grupo BNG relativa á transferencia da AP-9, xustificando a súa urxencia no interese colectivo e transversal que ten a transferencia das competencias da AP-9 a Galicia, como por outra parte decidiu o Parlamento galego na derradeira lexislatura por unanimidade.-

Sometida a votación a declaración de urxencia da moción, é a mesma aprobada por nove votos a favor e sete en contra.-

Acto seguido, o sr. Suárez expón a moción dicindo que O Parlamento de Galicia, por unanimidade de todas as forzas políticas, decidiu reclamar ao Ministerio de Fomento a xestión da AP-9, a autoestrada máis importante que hai en Galicia, e o Ministerio de Fomento nega a transferencia o que ao seu xuízo constitúe un agravio comparativo manifesto e palmario, non cabe parapetarse no incremento orzamentario segundo argumenta o Ministerio para vetar debates sobre transferencias que non perseguen outro fin que non sexa abaratar o servizo para todos os votantes e non votantes, para todos os galegos e galegas.-

O sr. Anido di que o seu grupo votou en contra da urxencia, non en contra doutra cousa. Esta é unha moción tipo, xa debatida no Parlamento autonómico, que o BNG está a presentar en todos os concellos de Galicia, e eles tamén teñen unha resposta tipo do PP na que ofrecen apoio a esta moción sempre que se retire o nº. 3, porque defenden xunto con todos os grupos políticos do parlamento a transferencia da AP-9 pero hai que mirar como se asumirían as posibles indemnizacións ás empresas e á banca e que roldan aproximadamente as indemnizacións de 4.300.000.000 euros e habería que dicir de onde se sacaría ese diñeiro para poder facer fronte a esa posible indemnización. Ademais todos os gobernos están en funcións agora mesmo. O seu grupo votará a favor desta moción a condición de que se retire o punto nº. 3 que di “Rexeitar o rescate multimillonario con fondos públicos de autoestradas co único fin de salvar á Banca e as construtoras que as xestionan e instar a que os recursos públicos se destinen prioritariamente ao rescate de autoestradas en beneficio das usuarias e usuarios finais, para rematar coas peaxes abusivas da AP-9”.-

O sr. Alcalde considera que todos coinciden en que a AP-9 ten que ser de todos os galegos, que todos son conscientes de que é fundamental para o desenvolvemento tanto de Sada como da área metropolitana da Coruña, a favor da cal deuse un paso adiante a semana pasada, e que deben estar todos xuntos no rescate da AP-9 porque hai unha empresa que se lucrou dunha forma escandalosa dos cartos investidos publicamente, que a día de hoxe xa ten máis que rentabilizado ese investimento e cre que o rescate da AP-9 ten que ser a un mínimo custe porque leva unha cantidade de anos retabilizando dunha maneira que poderá saberse no momento en que se auditen as contas de AUDASA. Cre que para o futuro de Sada e para o futuro da súa contorna é fundamental que a AP-9 sexa pública, galega e de libre uso para todos.-

Efectuada a votación, acórdase por maioría, con nove votos a favor e sete en contra:

1. Instar ao Goberno Central e ao Ministerio de Fomento a retirar a desconformidade coa tramitación da “Proposición de Lei Orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galiza”, aprobada por unanimidade do Parlamento de Galiza.-

2. Instar a todos os grupos políticos con representación nas Cortes Xerais a axilizar a súa tramitación e aprobala nos termos consensuados no Parlamento de Galiza.-

3. Rexeitar o rescate multimillonario con fondos públicos de autoestradas co único fin de salvar á Banca e as construtoras que as xestionan, e instar a que os recursos públicos se destinen prioritariamente ao rescate de autoestradas en beneficio das usuarias e usuarios finais, para rematar coas peaxes abusivas da AP-9.-

4. Trasladar este acordo aos grupos políticos con representación no Parlamento de Galiza e nas Cortes Xerais, ademais do Goberno Central e a Presidenta do Congreso dos Deputados.-

10º.- Rogos e preguntas.-

O sr. Gómez dille ao sr. Alcalde que teñen algunhas cousas pendentes, quixera aclarar o tema do expediente de Carnoedo, e unha barandilla de Sadarriba. E roga ao sr. Tenreiro que se suba o nivel da arqueta de pluviais do aparcamento da Avda. da Mariña que quedou afundida co asfaltado, porque a xente tropeza alí.

O sr. López, en relación coa recente visita do sr. Alcalde a Madrid para tratar do asunto da praia, quere preguntar que estudos complementarios ao estudo xenérico da Ría presentou alí o sr. Alcalde segundo mencionou a prensa, e que procedencia tiñan tales estudos. O sr. Alcalde di que non sabe se a prensa recolleu estudos complementarios, el só dixo que presentou unha serie de analíticas e unha serie de obras que se fixeron dicindo que contribuíron a mellorar a calidade das augas que levaban dando mal

dende o ano 2013. O sr. López pregunta se esas analíticas son de orixe municipal, informando o sr. Alcalde de que están colgadas na web do SERGAS.-

O sr. López fai un rogo sobre o mesmo asunto, que se sexa mais rigoroso pois o proxecto de rexeneración da praia de Sada arranca no ano 2011 e non en 2017. O sr. Alcalde indícalle que o que arranca en 2017 é a realización da obra.-

A sra. García pregunta cando vai reiniciarse o traballo de roza da maleza que hai detrás do edificio da ferretería Ro-Mi-A, que leva paralizado algo máis dun mes. O sr. Alcalde di que o traballo non estivo paralizado dende fai un mes, senón que a empresa estivo traballando ata o venres pasado, esta semana non foron porque é unha empresa pequena que xa advertiu que ía tardar dous meses en realizar o traballo porque é unha roza manual, non mecanizada.-

Non habendo outros asuntos que tratar, ás vinte e unha horas e trinta e un minutos do día ao comezo indicado, o sr. Alcalde levanta a sesión, da que se estende esta acta. Do que eu, o Secretario, dou fe.-